

¿A QUEN LER?



Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Ilustración:

Óscar Villán

Idea e textos:

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

Impresión:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

D.L.: C 638-2007

Soñadores, románticos, revirados, imaxinativos, faladores, caladiños, fervellos... Cada nena, cada neno, é un mundo, mais para todos vai haber unha lectura axeitada:

- ¿A quen lerlle un poema sobre un barco?
- ¿Quen gustará dun conto de medo?
- Este libro de princesas, ¿para quen será?
- Unha aventura nos mares da China, ¿quen a vivirá?



¿Quen mellor que os máis achegados coñece os gustos dos seus pequenos? ¿Non será unha boa idea aproveitar esas preferencias na selección das lecturas? A familia **CONTA MOITO** á hora de ofrecer os libros que poden ter éxito entre os nenos e as nenas. Ler xuntos pode ser unha oportunidade para:

- Compartir unhas risas.
- Pasar un chisco de medo.
- Emocionarse cun bico de amor.
- Chorar cunha despedida.
- Atopar un tesouro.

Na elección dos contos, poemas, lendas, adiviñas e de todo tipo de lectura, hai que ter en conta non só os intereses dos nenos, senón tamén os valores que se queren inculcar nelles, a educación do bo gusto e, evidentemente, as necesidades e as idades dos novos lectores.

A medida que os nenos e as nenas van adquirindo o dominio do código escrito e segundo van evolucionando, contan cada vez con maiores recursos para comprender e degustar textos progresivamente máis complexos.

Cando os nenos precisan **información** poden, dende as primeiras idades, acudir a materiais de carácter informativo (libros, enciclopedias, xornais, páxinas de internet, revistas...) que non está pensadas para eles. O papel do adulto, sexa na escola ou na casa, será o de acompañalos nesta busca, orientándoos cara aos materiais máis sinxelos, adaptando a información ao seu nivel de comprensión e ensinándolles os recursos que facilitan a busca (fixarse no título, localizar un índice, observar as imaxes, etc.). O importante é que se acostumen a acudir ás bibliotecas (familiar, escolar ou pública) e aos distintos materiais que nelas se atopan, cando teñen unha dúbida ou ganas de saber.

A boa **literatura** non ten idade. Chámase literatura infantil aquela que xa poden ler ou entender os máis pequenos. Aínda así, e para orientar a selección dos adultos —familias e profesorado—, acostúmase a falar de idades lectoras e a clasificar os materiais en función destes grupos de idades. A gradación na presentación destes materiais no momento adecuado dependerá de cada neno e nena. Pódese comezar con xogos e cancións dende que nacen e introducir os primeiros libros de imaxes a partir dos 6-9 meses.

PRIMEIROS LECTORES (ata 8 anos)

- Tradición oral: cantos de berce, cancións, xogos corporais, adiviñas, recitados, refráns, etc.
- Historias rimadas.
- Poemas e cancións.
- Libros de imaxes.
- Narracións de animais humanizados.
- Contos tradicionais, fábulas e contos maravillosos sinxelos.
- Narracións reais ou ficticias, sinxelas.
- Primeiros relatos curtos, con diferentes temáticas (para os máis grandiños).
- Libros sobre o mundo que os rodea, informativos.
- Contos con sorpresa, libros-xogo, libros manipulativos.

LECTORES AUTÓNOMOS (9 -11 anos)

- Aventuras.
- Contos fantásticos e mitoloxía.
- Relatos de humor e historias da vida real.
- Poemas.
- Libros informativos.

Posteriormente, os gustos e os intereses vanse modificando e ampliando. Para chegar á consolidación do hábito lector e a unha selección autónoma das propias lecturas, os nenos e as nenas pasan por diferentes fases e precisan ter ao seu alcance libros de contido diverso e de calidade. Para os máis pequenos sempre haberá un libro ao que queren volver unha e outra vez. Esa lectura reiterada proporciónalles seguridade e axúdaos a avanzar no dominio da linguaxe e, en xeral, na vida.

¿A QUEN LER?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas
escolares
de Galicia

